

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don José Ignacio Gómez Pérez.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de xaneiro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

A continuación somete á consideración dos grupos, xa que existe acordo para alterar a orde do día, o tratamento do punto n.º 11 da sesión. Logo de aceptar todos por unanimidade a alteración da orde do día, trátase o seguinte asunto:

11º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A ILP, IMPULSADA POLA CIG, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALIZA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que desde o inicio da crise na que vivimos, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses de Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza. A Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei sinala o seguinte: As medidas contidas nesta lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos. Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CCAA, así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014

garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade. Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. O actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira. Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración. Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etcétera, cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas. Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuindo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español. Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza. Por todos estes motivos, solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo. Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. Segundo.-Animar á veciñanza da nosa provincia a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que antes de empezar co asunto da orde do día, o Grupo Socialista quere transmitirle as súas condolencias ao portavoz do BNG (Leopoldo Rodríguez Puga) polo falecemento dun familiar, e, en contraposición, as súas congratulacións ao portavoz do Grupo Popular (Plácido Álvarez Dobaño) pola evolución favorable do seu fillo. Entrando na materia, e falando de emprego, sempre é un acerto recorrer á sabedoría popular para facer análises certos da realidade. Esa sabedoría popular que di que “do traballo sae todo” ten moita razón, pero por desgraza este dito non se materializa en Galicia. E como a fama de apocalíptica a precede ten que falar hoxe dunha Galicia que se atopa nunha situación pouco alentadora no que a emprego se refire. O Partido Socialista cíngete aos feitos ao describir un país agonizante, no que existe precariedade contractual dos titulados, un escaso estímulo salarial, unha ausencia de emprego de calidade e unha estrutura empresarial galega moi debilitada. A descrición dunha Galicia cunha economía débil, unha escasa capacidade para xerar emprego, cuns salarios un 40 % máis baixos que en comunidades autónomas elixidas como destino (Madrid, por exemplo) é unha obviedade. Non é ser

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

apocalípticos cando se fala de que o 61% das empresas non teñen ningún asalariado, de xornadas laborais de máis de 50 horas, de taxas de paro cualificado superior á media nacional. Esta é a realidade, os datos están aí, son un feito: vanse os estranxeiros, prodúcese un éxodo de galegos e hai unha incapacidade dos poderes públicos para reter a estas persoas. As repercusións son evidentes na competitividade da economía, na sociedade e na aceleración do proceso de envellecemento da poboación. O emprego é a gran materia pendente do presidente Núñez Feijoo porque el mesmo o reconece. Está claro que as políticas públicas que se están levando a cabo desde a Xunta de Galicia non son efectivas. A fuga de cerebros é un feito e a súa consecuencia é a debilitación do potencial produtivo de Galicia. A coñecida xa como terceira emigración galega está agravando os problemas que ten de seu o país, como son o descenso da natalidade e o envellecemento da poboación. E o que está en perigo é a sustentabilidade da economía galega, o noso futuro. A pesar da maquillaxe das cifras tan típica do Partido Popular, a cidadanía galega bota en falta unha involucración máis intensa da Xunta ante cifras tan arrepiantes como a que apunta a 91.500 familias con todos os seus membros en paro ou aos 70 mozos que cada día abandonan a nosa comunidade en busca dunha vida mellor. E eses mozos probablemente non volverán porque en Galicia os salarios son dos máis baixos de España, porque aumentaron os contratos a tempo parcial e os temporais e polas consecuencias nefastas dunha reforma laboral brutal que diminuíu as indemnizacións por despido e aumentou a conflitividade laboral. Esta conflitividade reflíctese no feito de que somos a comunidade que máis participantes ten en folgas en relación á súa poboación. Non é de estrañar que o propio Feijoo reconeza que o “desemprego masivo” é o principal problema de Galicia. Non lle falta razón porque os datos indican que entre 2008 e 2013 o desemprego medrou do 8% ao 22% (282.600 desempregados na actualidade). A crise provocou un retroceso acumulado no índice de produción industrial e a ratio de capital por habitante está entre as máis baixas de España (datos pouco alentadores). Ante este panorama clama ao ceo que son precisas políticas públicas que axuden á recuperación, como as 100 medidas que se propoñen na iniciativa legislativa popular que formula a moción do BNG. É preciso actuar dende os poderes públicos para atallar datos como o incremento do número de parados de longa duración e para superar o posto número 13 no que se atopa a nosa comunidade autónoma en salarios e oportunidades de emprego. Se falamos de emprego, non queda outra opción máis que falar de xuventude. Pero lamentablemente no caso de Galicia falar de xuventude significa falar de emigración.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Convertémonos nos últimos anos na comunidade exportadora de man de obra nova, de persoas entre 25 e 35 anos, dun potencial humano altamente cualificado: arquitectos, enxeñeiros, informáticos, investigadores, médicos, biólogos. Entre 2003 e 2010 marcharon de Galicia 315.000 persoas, un 47 % menores de 30 anos. Entre 2008 e 2010 emigraron 30.000 persoas, a maior parte cara outras comunidades autónomas (21.700) e 9.500 ao exterior, a Europa fundamentalmente. E dende 2010, segundo datos facilitados recentemente pola CIG, emigraron 100.000 mozos galegos de entre 25 e 35 anos. E seguimos con cifras preocupantes como a que apunta a que cada ano vanse de Galicia a metade das persoas que teñen unha licenciatura. As persoas que emigran son as máis valiosas para un país porque están en idade de emprender e de innovar, ademais de atoparse en idade reprodutiva. Trátase dunha emigración selectiva de mozos galegos que se van por necesidade, por instinto de supervivencia, tal e como aconteceu hai medio século cando os nosos pais tiveron que facer a maleta e emigrar a Holanda, Alemaña, Francia, Venezuela, etcétera. A estratexia do caracol sería o título deste drama.

D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular, di que parece ser que esta Deputación ten unha nova competencia. Gústalles que esta nova competencia veña proposta polo BNG, xa que na moción se pide “manifestar o apoio da Corporación municipal”. Entende que puido ser un problema do copiar e pegar, porque esta non é unha corporación municipal. Adianta o voto en contra do seu grupo, porque en Galicia as iniciativas legislativas populares deben contar co apoio dos cidadáns maiores de idade, que teñan a condición política de galegos que se atopen inscritos no censo electoral. Este apoio lógrase a través das sinaturas libremente recollidas de acordo cos trámites e procedementos previstos na Lei de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia. É dicir, non son os plenos nin dos concellos nin das deputacións, senón que son os cidadáns os que deben adherirse a esta ou a outra calquera iniciativa legislativa. Ademais, esta iniciativa legislativa tramítase no Parlamento de Galicia, polo tanto a asemblea legislativa da Comunidade Autónoma (Parlamento de Galicia) será o ámbito (se se conseguen máis de 15.000 sinaturas) onde se debaterá e decidirá sobre esta proposición de lei. Outra cuestión para destacar é que a CIG propoña unha serie de medidas para a creación de emprego en Galicia, cando a súa forma de actuar nas mesas de diálogo social, non foi achegar ideas e defender os intereses dos traballadores, senón levantarse desas mesas de diálogo social.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que, loxicamente, o de Corporación municipal foi un erro, pero se cambia e non pasa nada, o que é unha mágoa é que de todo o que leu antes só se fale dese erro. Non esperaba que o grupo de goberno dese o seu posicionamento sobre a emigración, nin sobre o paro, nin sobre a precariedade das familias, como tampouco o fan cando soben as taxas. A intervención neste punto do grupo de goberno pareceulle curta e pouco apropiada, e dicindo que votan en contra porque non teñen competencias. Pensa que as competencias as teñen, pero desde o punto de vista do BNG non deberían ter ningunha nin como grupo nin esta propia institución, porque unha vez máis non serve para nada, excepto para crear postos de traballo para quen lles interesa. Como non ven a realidade e complementando a intervención da compañeira do Grupo Socialista, di que dentro do diagnóstico xeral, compartido polo BNG, consideran que a última reforma laboral, en vigor desde o 12 de febreiro de 2012 ten contribuído, decisivamente, cun balance sobre o paro e o emprego que podemos cualificar de nefasto. Ao peche de xaneiro de 2012, apenas uns días antes de que a reforma laboral iniciase a súa andadura, había 4.599.829 desempregados rexistrados nas oficinas dos servizos públicos de emprego. Dous anos despois, os rexistros do antigo INEM contabilizaban 4.814.435 parados, é dicir, un 4,6% máis. Así mesmo, nestes dous anos, a cifra de afiliados medios á Seguridade Social reduciuse nun 4,5%. O número de afiliados estranxeiros reduciuse un 10,4%, o que dá unha idea de cómo vai a economía. Atendendo aos datos que ofrece trimestralmente a Enquisa de Poboación Activa (EPA), os resultados tamén son negativos en paro e ocupación. Cando arrincou a reforma laboral, o número de desempregados era de 5.273.600 persoas (dato correspondente ao cuarto trimestre de 2011). No mesmo trimestre de 2013, a cifra de parados alcanzou os 5.896.300, isto é, un 11,8% máis. Dos case 15 millóns de contratos totais que se realizaron en 2013, case 5,3 millóns, é dicir, o 36% foron por horas. É dicir, de cada cen novos empregados, 36 accederon a un traballo con xornada parcial. En 2013 perdéronse 669.000 empregos a xornada completa mentres que se crearon 137.000 a tempo parcial. O noso país pechou o ano 2013 cunha taxa de paro do 21,96%. A nivel estatal os datos non son bos, pero a nivel galego tampouco o son. Está a falar de datos xerais, porque se fala só da provincia de Ourense os datos aínda son peores. A taxa de desemprego da Comunidade galega é case sete décimas superior á dun ano atrás, cando se situaba no 21,28. A ocupación, que se sitúa en 987.300 persoas, baixou en 38.600 individuos durante o pasado exercicio de 2013. Os fogares galegos con todos os seus membros en paro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

subiron un 1% ao peche de 2013. A información sobre a poboación xuvenil reflicte que a taxa de paro entre galegos de 16 a 29 anos ascendeu ata o 38,1% ao rematar 2013, case dous puntos por enriba do ano 2012. No caso dos mozos de 16 a 24 anos, esta taxa é aínda maior (50,7%), mentres que o desemprego afecta a un 31,3% dos galegos que teñen entre 25 e 29 anos. Estes datos demoledores, serían aínda peores de computarse a mocidade que xa marchou. Estes datos estatísticos oficiais poñen a realidade da economía, absolutamente degradante. A perda de postos de traballo non se traduce nun aumento do paro similar debido a que gran parte deses ocupados que deixan de selo retíranse do mercado de traballo, pola vía da emigración ou dos chamados desanimados. Mentres que noutras comunidades baixaron as cifras do paro, en Galiza subiron, pese a que é o territorio do campión da austeridade e do saneamento das contas públicas. Desde o seu punto de vista, estes datos son unha vez máis unha emenda á totalidade da política do PP, da Xunta de Feijóo, políticas que están fracasando estrepitosamente e conducindo ao país a un colapso estrepitoso, os recortes están levando ao estrangulamento da economía, do emprego, e á crecente precarización da vida social e laboral. Ademais de que Galiza perde ocupados, boa parte dos empregos que se crean son a tempo parcial e están asociados a unha moi baixa remuneración. Estamos nunha senda de destrución de emprego e precarización na vida das persoas e das familias. Despois do dito polo portavoz do Grupo Popular, esta realidade só a ven algúns, e non aproveitan a ocasión para definirse como útiles para esta provincia e para o país e tomar a ben esta iniciativa, apoiala e dar boa imaxe.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que por un lado temos estes datos pouco alentadores e por outra banda temos o mundo de Alicia no País das Marabillas, o mundo de Beatriz Mato, conselleira de Traballo, quen ten a ousadía de dicir que Galicia está mellor que a media estatal. Mato defende unha realidade paralela ao dicir que a Xunta traballa para converter Galicia nunha comunidade atractiva e con oportunidades para vivir. Fai falta ironía, oxalá conseguiran iso, pero a realidade é outra ben distinta. Fala a conselleira de que as políticas de xuventude son prioritarias. Pois non se están notando porque doutro xeito os mozos non abandonarían Galicia. Beatriz Mato é unha maga da ironía ao asegurar que as cifras de desemprego son similares á época de bonanza. Estase a rir de todos os galegos e pretende tomarlles o pelo a todos. E como colofón afirma que ningunha estatística rigorosa vincula emprego e emigración. Con esta análise Mato parece estarse burlando dos milleiros de desempregados, dos mozos titulados que se ven obrigados a abandonar Galicia para ir cara

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Madrid, Cataluña, Canarias, Europa ou América. Debe pensar a conselleira que abandonan o seu país de orixe para facer turismo ou para coñecer persoas doutros países ou a cocíña internacional. Definitivamente a máxima responsable en materia de emprego é irrespectuosa cos desempregados e cos emigrantes, coa situación dramática de milleiros de familias galegas. O voceiro do Partido Popular non pode dicir que a Deputación non ten capacidade para crear emprego ou para interceder neste tipo de políticas, porque si que a ten. Todas as institucións públicas teñen esa capacidade.

D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular, di que para sentirse útiles habería que ser respectuosos nos sitios onde se formulan os debates e que se fagan onde se teñen que tomar as decisións. Moitas veces dinlle que ás veces na Deputación se fala do sexo dos anxos, porque non lle toca tomar certas decisións. Hai que empezar a facerlle caso á xente. Reitera que a Deputación non é quen de facer unha iniciativa popular, senón que son todos os galegos e galegas que teñen potestade porque están no censo electoral. Hai que xuntar 15.000 sinaturas para facer unha iniciativa popular, que se debatería no Parlamento de Galicia e non na Deputación nin en ningún concello. E sen falar da forma, di que moito do que se pretende nesta iniciativa non son cuestións coas que estean de acordo: ou son competencia exclusiva do Estado ou vulneran normas básicas estatais, moitas das medidas previstas no ámbito laboral, financeiro ou fiscal. Cousas das que se piden xa se están implantando pola Xunta de Galicia, como por exemplo a adopción de medidas de apoio ao sector forestal ou agrogandeiro; fomento da xente moza á actividade agraria; fomento do aforro e da eficiencia no consumo enerxético; fomento da produción cultural propia; incremento das prazas públicas para o alumnado de 0 a 3; case 3.000 novas prazas públicas en escolas infantís; programa de atención a persoas dependentes; plans de contratacións para desempregados, para a realización de obras e servizos de interese xeral, etcétera. Outras cousas van en liña contraria á creación de emprego, como por exemplo a derogación das últimas reformas laborais ou a eliminación das subvencións xenéricas á contratación para utilizalas na creación de emprego nos servizos públicos. Pero o máis rechamante de todo isto é que obvian as grandes medidas que no último debate do estado da nación puxo enriba da mesa o presidente da nación sobre a posibilidade de contratacións para traballadores indefinidos.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que no debate do estado da nación, quen di ser presidente deste Estado chega a dicir que empezamos a ser un dos motores de Europa e ten

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

valor para presentar medidas de corrección de emprego despois de destruílo desde que aprobou a reforma laboral. Dálle a razón ao Sr. Marnotes cando di que hai que facerlle caso á xente, porque a el tamén lle pregunta moita xente qué pintan na Deputación e por qué non se pecha xa. As medidas que dixo que se puxeron en práctica non se ven por ningún lado. Basta ver os mozos que viven da agricultura, do sector forestal. As ditas medidas ou non se están utilizando, ou se aplican mal. En todo caso, a opción do Grupo Popular está clara, a da maioría do resto do país é outra.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

2º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE PORTAVOCES NA SÚA REUNIÓN DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2014, SOBRE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DOS TEMPORAIS NA COMARCA DA LIMIA.-

O Sr. presidente di que este acordo foi por iniciativa do BNG e aprobado por unanimidade na Xunta de Portavoces o 14 de febreiro, así como na comisión informativa correspondente do pasado día 20.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, como xa dixeron na Xunta de Portavoces, alégranse de que esta medida fora aprobada por todos os grupos, aínda así e aproveitando o altofalante quere deixar clara unha cousa. Di o dito popular que “cando a raposa anda aos grilos, malo”. No textoponse declaración de zona catastrófica e fálase para o común dos veciños e de cara á cidadanía de Ourense. Para que ninguén os acuse de desinformado, en relación cun dos puntos do acordo no que se insta á declaración de zona catastrófica, cómpresinalar que o obxecto desa intención, carente de rigor no ordenamento xurídico español, dado que a normativa foi mudando dende 1981 (na que si aparece como zona catastrófica) e a partir de 1993 no que xa se inclúen as posibles axudas como subvención pública. Indo ao que nos ocupa, di que cando o BNG solicitou unha reunión urxente de portavoces, aínda non se promulgara o decreto do goberno, polo que era imposible prever cal era o seu alcance. É evidente que á vista dos datos, este Real decreto de 21 de febreiro discrimina aos concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

ourensáns afectados polos temporais, e de xeito singular á comarca da Limia, toda vez que no artigo 1 fai referencia aos danos causados na fachada Atlántica e a costa Cantábrica. Tamén é cuestionable o período de referencia do Decreto, por canto tan só se circunscribe aos danos ocasionados en xaneiro e febreiro, en non fai referencia aos danos ocasionados en decembro. En Galiza, e de xeito especial en Ourense, en decembro iniciáronse as choivas á altura do día 6 e nas datas de Nadal houbo temporais e aínda non parou de chover. Parecería razoable que este Pleno se pronuncie a respecto desta cuestión concreta, como podería ser unha engádega ao acordo adoptado de que a orde das axudas que deberá desenvolver este RD recolla de forma detallada aos concellos afectados, e para iso é importante que á hora de cuantificar as posibles perdas nos poñamos de acordo para que non haxa unha discrepancia tan importante entre a valoración que se fai nuns sitios e a valoración que se fai noutros, polo que sería importante que o Centro de desenvolvemento agrogandeiro (antigo Instituto do Campo) fixera unha valoración, co máximo rigor posíbel, non só na cuantificación dos danos directos senón tamén dos inducidos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que onte en Xinzo tamén se tomou un acordo unánime por parte de todos os grupos políticos para acollerse a esta fórmula de axudas do Real decreto. Esperan que tanto no Concello de Xinzo como en toda a Comarca da Limia se valoren os danos o antes posible e que se soliciten as axudas para que cheguen canto antes.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, móstralle o seu agradecemento á Sra. Morenza Doforno polas palabras que tivo de recordo para el e para a súa familia; únese ás condolencias ao Sr. Rodríguez Puga e felicítase porque unha vez máis as relacións humanas e persoais están por enriba das discrepancias políticas, camiño que defenderá sempre e espera que o Sr. Gómez Pérez saia pronto da situación que padece. Manifesta que o grupo de goberno non ten inconveniente en engadirle ao texto do acordo a engádega que solicita o BNG. Adianta, con coñecemento de causa, que hai moi boas perspectivas para que a Comarca da Limia, sen deixar de lado a outras zona da provincia que tamén sufriron importantes danos, reciba as axudas necesarias.

O **Sr. presidente** pídelle ao Sr. Iglesias Pérez que lle faga chegar o texto da engádega para incorporala ao acordo que adoptou a Xunta de Portavoces.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, coa engádegas ao dito acordo, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Portavoces na reunión do 14 de febreiro de 2014, sobre solicitude de axudas para paliar os efectos dos temporais na Comarca da Limia, co seguinte contido:

1º.- Instar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno do Estado a declaración da Comarca da Limia como zona catastrófica.

2º.- Instar ao Goberno do Estado para que, tras a cuantificación previa de perdas por parte dos concellos, estime as axudas pertinentes, así como beneficios fiscais e tributarios: rebaixa IRPF, aprazamento, pagamentos Seguridade Social, etcétera.

3º.- Propoñer a creación dunha Mesa de Negociación coa participación do ministerio, agroseguro, Xunta, sindicatos agrarios e representantes das comunidades de regantes e cooperativas para adaptar o seguro agrario ás características da Limia e rebaixar as primas que se pagan na actualidade.

4º.- Que a Deputación Provincial, a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro da Limia, lles preste asesoría técnica aos posibles afectad@s e que faga unha valoración detallada, e co máximo rigor posible, dos danos producidos nos distintos concellos, non só da cuantificación dos danos directos senón tamén dos inducidos.

5º.- Crear, a través do servizo da Enquisa de Infraestrutura Local, dependente do servizo de Cooperación da Deputación Provincial, en colaboración cos concellos, dun censo de damnificad@s.

6º.- Instar á Confederación Hidrográfica para a realización dun plan de limpeza e dragado de canais da lagoa para previr vindeiras enchentes.

7º.- Colaborar, a través do Servizo de Vías e Obras para a reparación das pistas afectadas, para o tránsito de tractores e vehículos e evitar que se deteriorens aínda máis a partir da agora.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

8º.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a posta en marcha dos regadíos comprometidos no seu día para seguir dotando de infraestruturas á comarca e que a través das balsas, no futuro, se poidan regular as enchentes.

9º.- Instar á Consellería de Educación para que habilite as partidas necesarias para a reparación dos danos ocasionados no IES cidade de Antioquía e estude medidas de prevención para o futuro.

Este acordo eleváraselle ao Pleno da Corporación para a súa ratificación sen prexuízo do inicio inmediato das xestións para a súa execución.

10º.- Instar ao Ministerio do Interior para que inclúa no ámbito de aplicación da Orde que desenvolve o RDL 2/2014, do 21 de febreiro, á provincia de Ourense, especialmente a comarca da Limia e que se amplíe o prazo temporal e que se inclúan tamén os danos producidos durante o mes de decembro.

3º.- CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE COLES DUNHA PARCELA NO LUGAR DE CASANOVA DA BARRA, PARA INSTALACIÓN DUNHA FOSA SÉPTICA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Cederlle gratuitamente ao Concello de Coles a devandita parcela, a cal se reflicte no plano levantado polo servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense e que figura no expediente de cesión gratuíta, libre de cargas e gravames, co fin de que se proceda a instalación nela dunha fosa séptica.
2. O Concello de Coles comprométese a facer os oportunos cambios de titularidade no Catastro e calquera outro organismo público que proceda.
3. Se os bens cedidos non fosen destinados ao seu uso no prazo máximo de cinco anos desde a realización desta cesión, ou deixasen de selo posteriormente, a cesión considerárase resolta, cos efectos previstos no artigo 111.1 do Regulamento de bens das entidades locais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

4º.- EXPEDIENTE N.º 1/2014 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía. Dá conta tamén dunha emenda da Presidencia de 24 de febreiro, consistente na corrección dun erro no apartado terceiro en relación cunha subvención nominativa para o Concello de Bande, que figuraba unha subvención de 60.000 € para a construción dun muro, debendo corrixirse por 19.600 € para a construción de muro de acceso a Portoquintela.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, mostra a súa gratitude pola solidariedade demostrada por todos á súa persoa e á súa familia. Tamén se alegra de que tanto o familiar do Sr. Álvarez Dobaño como o do Sr. Gómez Pérez vaian evolucionando ben. Con respecto ao expediente di que hai cuestións no expediente que, individualmente, poderíamos entender positivamente, e incluso valorar cal é a fórmula máis acaída, pero como o expediente hai que votalo no seu conxunto o BNG mantén a mesma posición que ven mantendo nos sucesivos expedientes de modificación de crédito que se traen a aprobación, onde se aproveita para colar un número moi importante de subvencións nominativas, práctica coa que o seu grupo está totalmente en contra, polo que non van votar a favor deste expediente.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que lle gustaría non ser el o que debatesese este asunto, senón que fose o seu compañeiro Nacho e no seu nome dálles as grazas a todos polas palabras que tiveron para el e para a súa familia. En canto ao expediente anuncia que o Grupo Socialista votará en contra, porque malia que se aprobou un regulamento de subvencións para concedelas por concorrencia competitiva ven que neste expediente hai moitas subvencións que non deberían ir nel, aínda que haxa algunhas coas que si están a favor, pero no conxunto están en contra.

D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular, felicita ao Sr. presidente e ao servizo económico e financeiro desta casa polo traballo realizado para actualizar os remanentes de tesourería para que poidan ser repartidos en función do establecido nas propias bases de execución e en función das solicitudes recibidas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
912.11/485.00	Indemnizacións grupos políticos. Corporación provincial	22.032,00

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
134.11/489.05	Outras transferencias nominativas. Protección e defensa civil	1.000,00
334.13/489.05	Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas	41.700,00
432.11/467.01	A Consorcio de turismo Ribeira Sacra. Promoción do turismo	20.000,00
943.11/467.00	A Consorcios. Consorcio dos Peares	24.000,00
341.11/482.09	A familias e entidades sen fin de lucro. Fomento do deporte	2.100,00
432.11/489.01	Outras transferencias nominativas. Promoción do turismo	25.000,00
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		113.800,00

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
334.13/780.01	A familias e institucións nominativas. Culturais e recreativas	60.000,00
414.11/780.01	A familias e institucións sen fins de lucro, nominativas. Medio rural	2.000,00
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		62.000,00

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	22.032,00
Suma concesión de créditos extraordinarios.....	175.800,00
TOTAL.....	197.832,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	197.832,00 €
---	--------------

2º.- Corrección de erro na base 67ª c) das de execución do orzamento, onde no apartado d.1) e seguintes debe dicir c.1) e c.2). Ao mesmo tempo modifícase a base 67ª c.1) na compoñente fixa, establecéndoa en 6.732 euros.

Con cargo á aplicación orzamentaria 912.11/485.00 Indemnizacións grupos políticos.
Corporación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Grupos políticos	Actualización asignación fixa dende 01/01/2014	22.032,00 €

3º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense non estaba prevista a concreción do capítulo IV e VII de gastos a conceder no exercicio 2014, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria, así como doutras aplicacións orzamentarias cuxo crédito non precisa de tramitación plenaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/467.01 A Consorcio de turismo Ribeira Sacra.
Promoción do Turismo:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consorcio Turismo Ribeira Sacra	Gastos funcionamento e mantemento	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 943.11/467.00 A consorcios. Consorcio dos Peares:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consorcio dos Peares	Gastos funcionamento e mantemento	24.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.09 A familias e entidades sen fins de lucro.
Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Manuel Míguez Corbal	Torneo Kick Boxing	600,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Club do automóbil ecolóxico de Galicia	III Rallye ecolóxico de Galicia	1.000,00 €
Club ximnasia pavillón	Torneo primavera ximnasia	500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05.Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación socio-pedagóxica Galaico-Portuguesa	Ourense Lúdico 2013 (19ª edición). Actividades gratuítas artísticas e lúdicas para nenos de inmigrantes de 3 a 14 anos, nos meses de xuño a setembro	2.000,00 €
Centro asociado da UNED en Ourense	Curso extensión universitaria da UNED: "Galegos de Ourense, literarios, artistas e políticos"	2.000,00 €
Federación de cineclubs de Galicia	Apoio e fomento de cineclubs na provincia de Ourense	2.000,00 €
Fundación Vicente Risco	Premio de xornalismo literario Teixeira de Pascoaes- Vicente Risco 2013	1.500,00 €
Fundacións feiras e exposicións de Ourense	Premios concursos proxectos tecnolóxicos 2013	1.500,00 €
I.E.S O Couto	Proxecto de interculturalidade Galicia e a Lusofonía	2.000,00 €
Asociación cultural "Os Trasnos"	Actividades socioculturais da asociación. Curso 2012/2013	2.000,00 €
Asociación mulleres rurais "Xesta"	Curso de informática básica e internet	1.500,00 €
Asociación de veciños "San Salvador"	Custos de organización de actividades socioculturais para os veciños de Vilaza o 16/11/2013	300,00 €
Asociación cultural ecolóxica educativa Artificial	Festival arteficial	1.000,00 €
Asociación de veciños Rocas	Actividades culturais	2.000,00 €
Asociación de Belenistas de Ourense	Campaña Nadal 2013-2014 e funcionamento da asociación	1.500,00 €
Federación Provincial de Autoescuelas	Campaña educación viaria provincial	14.400,00 €
Ateneo de Ourense	Gastos funcionamento 2013	2.000,00 €
Asociación de veciños San José de Vistahermosa	Actividades culturais 2013-2014	1.500,00 €
Asociación de veciños Mariñamansa	Gastos de funcionamento da entidade 2013-2014	2.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Asociación de veciños Os Montes	Actividades culturais	1.500,00 €
Asociación de veciños Santa Marta de Velle	Actividades culturais	1.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/489.01 Outras transferencias nominativas. Promoción do turismo:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Expourense	-Termatalia 2013	10.000,00 €
	-Foro comunicación 2013	5.000,00 €
	-Termatalia 2014	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 134.11/489.05 Outras transferencias nominativas. Protección e defensa civil:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de agrupacións de voluntarios de protección civil de Ourense	Xornadas provinciais de protección civil no Carballiño	1.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01. A Concellos subvencións. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Xunqueira de Espadañedo	Substitución de mobiliario nun local do concello	1.116,00 €
Concello de Bande	Adquisición e renovación de mobiliario, vestiarios do campo de fútbol municipal	1.567,00 €
Concello de Vilamartín de Valdeorras	Obras de mantemento en oficinas municipais e do seu equipamento	2.000,00 €
Concello de Sandiás	Reformas en fachadas e portais en vivendas sociais en Couso Piñeiras	26.167,00 €
Concello de Padrenda	Mellora accesos a Zaqueiradas	59.800,00 €
Concello de Bande	Muros acceso a Portoquintela	19.600,00 €
Concello de Ribadavia	Construción pasarela sobre o río Avia	120.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/780.01 A familias e institucións sen fins de lucro, nominativas. Medio rural:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de veciños Carpezás	Arranxo do forno do pobo	2.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/780.02 Atencións benéficas e asistenciais. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Valdeorras (ASFAVAL)	Subministración e instalación do sistema automático de extinción de incendios	2.000,00 €
Asociación de veciños a Corredoira de Corbelle	Instalación de fiestras no local social de Corbelle	1.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/780.01 A familias e institucións nominativas. Culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Club Fútbol Mestre Vide	Construción de aula multiusos	60.500,00 €

4º.- Os convenios do capítulo 7 serán xestionados a través da central de Contratación da Deputación Provincial de Ourense tras a aceptación previa da subvención polo concello respectivo e a formalización do pertinente documento

5º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE MUÍÑOS TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE MULTAS COERCITIVAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Muíños ten atribuídas en materia de recadación de multas coercitivas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 27 de decembro de 2013. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE PUNXÍN TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, TAXA DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA XUNTA.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Punxín ten atribuídas en materia de recadación da taxa de subministración de auga, taxa de sumidoiros e depuración de augas residuais e canon da Xunta, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 31 de xaneiro de 2014. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

7º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E REDE VIARIA PROVINCIAL 2014.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación. Anuncia que con posterioridade a adopción deste ditame chegou unha solicitude do Concello de Bande con respecto á obra solicitada, que era unha obra de 50.000 euros para pavimentación da rede viaria municipal, e piden que se modifique establecendo 40.000 euros para pavimentación da rede viaria e 10.000 euros para reparación da iluminación pública no núcleo de Lueda, polo que a Presidencia formulou unha emenda para que se aprobe esta modificación a pedimento do Concello.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o seu grupo durante os últimos anos sempre apostou por este plan por entender que era útil para os concellos e para os veciños, posto que atendía os servizos mínimos esenciais. Por primeira vez en moitos anos, o BNG non votou a favor da aprobación das bases e van facer o mesmo co plan, por entender que o destino das achegas debería ir, con carácter preferente, a servizos municipais. Mesmo presentaron unha emenda que foi rexeitada de modificación da base 8ª. En congruencia co expresado daquela vanse abster.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño sempre di pau se remas pau se non remas e el vai dicir aplauso se remas e pau se non remas. Neste caso o aplauso é para o Sr. presidente polo plan de cooperación cos concellos, porque nunca se deu nesta casa a cantidade que se dá este ano para o plan, e agradécelle o esforzo que se está a realizar. Pero teñen un “pero” que é a rede viaria provincial. O Grupo Socialista pedía facer un plan a tres, catro ou máis anos, onde se puidesen acometer obras nunha estrada. Gustaríalles votar a favor do plan municipal pero como non o poden facer así co plan provincial, anuncia que se van abster.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, lembra que no debate dos orzamentos quedou claro que as prioridades para este ano eran os servizos sociais, o medio ambiente e a cooperación cos concellos dentro da estratexia do Plan Ourense 92. Felicítase de que o Sr. Bautista recoñeza o esforzo do presidente e do seu equipo de goberno por esa cooperación. Lembra tamén que na Área de Infraestruturas hai un incremento dun 40% dos recursos propios destinados a investimentos, sendo a cifra máis alta nunca antes contemplada,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

dentro dun marco de crise económica (máis de 14 millóns de euros fronte ao 10 millóns do ano 2013). No debate dos orzamentos xa dixó que isto faría posible que o Plan de cooperación (que leva tres anualidades sen achega estatal nin autonómica) se incremente nun 61% nos seus fondos, cunha novidade consistente en que serán achegados 50.000 euros por concello única e exclusivamente pola Deputación, sen que os concellos o cofinancien, como viña sendo habitual. Pasamos de 31.000 euros que poñía a Deputación, aos que lles había que sumar sobre 10.000 euros que achegaba o concello, a 50.000 euros integramente financiados pola Deputación Provincial, ademais, non terán que destinarse a unha soa obra, senón ás que considere o concello dentro da súa autonomía municipal. Por primeira vez tamén se incluían nos orzamentos fondos da Deputación para a única entidade local menor da provincia: Berán. En números redondos o plan ascende a 6,6 millóns de euros distribuídos en tres apartados: obras municipais (4.700.00 €), o réxime especial no que se lles permitía aos concellos que reunisen unha serie de condicións de dificultade económica (300.000 euros porque só se adheriron 6 concellos: Lobeira, Nogueira de Ramuín, Riós, Cea, San Xoán de Río e Xunqueira de Espadanedo); e a rede viaria da Deputación á que se destinan 1.500.000 euros, porque lamentablemente non hai máis fondos, xa que farían falta moitos máis, porque esta Deputación ten 1.840 quilómetros de vías provinciais. O Plan vai na liña que está seguindo o Sr. presidente e o seu equipo de goberno, de aposta clara e decidida pola cooperación e asistencia aos pequenos municipios, que son 91 dos 92 que hai na provincia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e rede viaria provincial 2014, co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactado, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.159.927,33 €	593.608,55 €	4.753.535,88 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	300.000,00 €		300.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	5.959.927,33 €	593.608,55 €	6.553.535,88 €
PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	3.994.780,66 €	114.296,28 €	4.109.076,94 €
Rede Viaria Deputación	110.000,00 €		110.000,00 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

8º.- REVOGACIÓN DO ACORDO DE SEPARACIÓN DO CONSORCIO OS PEARES.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que no seu día o BNG foi moi crítico coa decisión do goberno provincial de saírse do padroado do Consorcio dos Peares, votando en contra dela. Para eles nunca resultou críbel nin convincente que a decisión de saírse do consorcio fora única e exclusivamente económica, pois falábase de 32.000 mil euros anuais. Polo que se non estaban de acordo coa saída agora si van estar de acordo coa revogación. Agora será o momento de comprobar se esta nova incorporación no consorcio dos Peares, vai servir para impulsar o organismo e mellorar o seu funcionamento, respecto de épocas pasadas, ou se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

fai única e exclusivamente porque alguén que pode ser de por alá, urxe para que se faga, e resulta a forma máis amable de representar que calquera tempo pasado rematou e hai ton de concordia.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que no Pleno do 16 de decembro de 2011 e no marco do plan da Deputación de retirarse de organismos que se consideraban prescindibles dadas as dificultades económicas que se estaban a atravesar e que se continúa atravesando, aínda que sexa en menor medida, acordouse a separación do Consorcio dos Peares, aínda que se deixaba a porta aberta para volver, por razóns económicas e tamén porque se entendía que o funcionamento do consorcio non estaba acorde co que pensaba o grupo de goberno. É máis, incluso o Sr. Gómez Pérez daquela recoñecía que veciños da zona lle tiñan manifestado que o consorcio non tiña o funcionamento axeitado. Hoxe, a Presidencia e o equipo de goberno, entenden que desde o punto de vista económico, dado que o orzamento de 2014 se incrementou nun 11% con respecto ao ano 2013, pódese afrontar esa cantidade ou similar. Non se pode esquecer que a recente Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade de administración local, modifica considerablemente esta fórmula xurídica de asociación, polo que entenden que se debe facer unha reformulación evidente do consorcio e do seu funcionamento. Forman parte do consorcio catro concellos pertencentes a dúas provincias polo que entenden que se debe volver para cooperar cos concellos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Revogar o acordo adoptado polo Pleno na sesión do 16 de decembro de 2011, de separación da Deputación Provincial de Ourense do Consorcio Local dos Peares.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O ARRANXO DA ESTRADA DE SAN VICENTE D ELEIRA, OU-0807.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Bautista Carballo para que defenda o contido da moción.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, dálle a benvinda aos veciños e veciñas de San Vicente que asisten hoxe a este pleno. Di que se a problemática da estrada de San Vicente fose de ficción o título da película sería “A historia máis larga xamais contada”. Xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

hai máis de 20 anos que os veciños e veciñas de San Vicente levan sufrindo este problema e eles non son os culpables, senón que son os damnificados. Os culpables son: a Deputación de Ourense, que é a propietaria da estrada e os que extraen o material da canteira. Estudos feitos nos anos 1998, 2000 e 2001, de estabilización das ladeiras din textualmente o seguinte: *la carretera de acceso a San Vicente presenta desde el año 1998 graves deficiencias ocasionadas por la inestabilidad de las laderas sobre las que discurre. Estas deficiencias han obligado en numerosas ocasiones al corte de la vía, con el consiguiente trastorno para los vecinos. La empresa Canteras Villamartín SL (en adelante CAVIMA) viene realizando en aprovechamiento de los recursos de pizarra en la concesión minera San Vicente desde el año 1994. El vaciado, generado por la extracción de materiales ha producido la movilización de una gran masa de terreno, al quedar descalzada en su base y superar la resistencia movilizable en las superficies de rotura.* Isto ven dicir que debido á extracción da lousa a ladeira estase a fundir. Está a falar dos anos 1999, 2000 e 2001. Pasan dez anos de conflitos entre a Deputación de Ourense e as empresas, denuncias, xuízos, intereses societarios dalgún empregado desta casa, etcétera, pasa de todo ata que chega o ano 2010, en concreto o 14 de xullo de 2010, e o título da película é “Convenio de colaboración entre a Diputación Provincial de Ourense e Canteras Villamartín SL para actuacións do Plan especial de actuacións na estrada OU-0807 Vilamartín de Valdeorras-San Vicente”. Esta película non é bélica, é máis ben de amor, porque se declara o amor entre CAVIMA e a Deputación de Ourense. Din: *actuaciones de acondicionamiento provisional, actuaciones de acondicionamiento definitivo, facilitar y agilizar el plan.* Tamén falan de obrigas da Deputación e da empresa. Entre as obrigas da empresa están: *solicitar y obtener los permisos y autorizaciones necesarias para llevar a cabo la explotación de pizarra a cielo abierto, comprometiéndose a concluir la explotación el 14 de julio de 2014.* Isto quere dicir que a empresa ten que concluír os seus traballos o 14 de xullo deste ano. Pero o convenio tamén recolle: *si la Diputación Provincial de Ourense non pudiera iniciar las obras de acondicionamiento definitivo en la primera quincena de abril de 2014, el plazo de finalización de las labores de la extracción a cielo abierto prorrogará hasta el inicio efectivo de las citadas obras.* Entende el que se a Deputación non arranxa a estrada a empresa pode seguir extraendo a ceo aberto per secula seculorum. Dispón tamén dun informe do técnico municipal de Vilamartín do ano 2011 que di: *a fecha de hoy no se ha efectuado alguna obra relativa a la actuación provisional de acondicionamiento de la carretera existente, permaneciendo señalada con*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

señalización vertical que impide el uso y el tránsito de la misma. Ou sexa, hai un sinal de estrada cortada desde hai 12 ou 13 anos. Existen infinidade de informes relativos a esta problemática, pero o último de todos, (co que lle vai facer un favor ao Sr. vicepresidente, porque igual lle descarta un rival que ten para ser candidato á Alcaldía de Ourense) está relacionado cunha pregunta que lle fixeron no Parlamento á consellería de Educación: as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para evitar os riscos derivados da circulación do transporte escolar polos dous viarios pechados a causa dos desprendementos no pobo de San Vicente no Concello de Vilamartín de Valdeorras. O Sr. conselleiro contesta: se ben a ruta natural ata San Vicente é pola estrada do Mazo (algo que é mentira porque a ruta natural é outra estrada) desde hai un par de meses, tras os últimos desprendementos acaecidos como consecuencia da existencia de canteiras na zona, o transporte escolar, para evitar riscos e contratempos, estase a efectuar pola ruta da estrada Córghomo-Barxeles-San Vicente, OU-0807. Esta última estrada tamén ten canteiras, pero ten paso franco sen perigo nin risco. Dedúcese disto que non viron o cartel (ben grande por certo) de estrada cortada, porque di que ten paso franco sen perigo nin risco. De feito trátase dunha estrada de titularidade da Deputación de Ourense, na que se acometen continuas obras de mantemento e atópase en bo estado. Isto é o que di o Sr. conselleiro de Educación, onde está a mandar a tres nenos nun taxi por unha estrada que está cortada. Cáelle a cara de vergoña, que un señor conselleiro diga que unha estrada que leva 13 anos cortada está sen perigo nin risco. Isto xa non é para que dimita, isto é para que mañá o cesen como conselleiro. Como cuestión de orde e como parece que non se quere que os veciños formen parte da comisión, quere dicir que a súa segunda quenda de palabra llela ceden aos veciños de Vilamartín por se queren, a través dun representante, explicar eles como está a situación.

O **Sr. presidente** di que se os demais portavoces dos grupos non teñen inconveniente, a Presidencia tampouco o ten e na segunda quenda do Grupo Socialista pode ocupar o escano algún representante dos veciños.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que eles tamén lles ceden aos veciños a súa segunda quenda de intervención. Como ben explicou o voceiro socialista, estamos diante dun problema que arranca desde moito antes do ano 1993, no que os desprendementos producidos na ladeira eran bastante frecuentes, incluso antes de que a empresa Cavima estivera explotando a mina a ceo aberto. Este problema foi derivando en sucesivos preitos: un preito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

civil no ano 1994, no que a Deputación reclamou unha indemnización de 100 millóns das antigas pesetas por danos producidos na estrada, á empresa Canteiras de Vilamartín SL. Nesa querela o organismo provincial solicitaba ademais a suspensión da actividade da devandita canteira, suspensión que foi contestada pola empresa aducindo que estaban en xogo importantes intereses. Xa o BNG, a través do entón deputado Antón Sánchez Rivero, visitou a zona para comprobar “in situ” o estado do viario afectado, podendo constatar o seu estado de deterioro, ademais de evidenciar que un tramo de aproximadamente dous quilómetros desaparecera totalmente. Tamén os veciños/as que levan anos reclamando unha solución presentaron na Deputación, no ano 1998, un escrito avaliado por numerosas sinaturas pedindo a reposición do viario e unha solución definitiva para estabilizar a ladeira e arranxar a estrada. Este litixio que a institución provincial mantivo coa empresa rematou nun proceso máis propio dun *thriller* que outra cousa. A conselleira delegada da empresa Cavima, presenta diante da Fiscalía especial para a represión dos delitos económicos relacionados coa corrupción, unha denuncia contra o daquela enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, Manuel Rodríguez-Portugal Maceda, por considerar que tiña intereses espurios na paralización da explotación de lousa, que perseguía beneficiar, a través de sucesivos informes técnicos a Pizarras Gallegas, outra empresa localizada tamén en San Vicente, constatando documentalmente que este representante e o enxeñeiro xefe compartían sociedade nunha empresa inmobiliaria. Non era esta a única vinculación que Cavima establecía co enxeñeiro da Deputación, pois tamén puido constatar que era socio, noutra sociedade, dunha filla do noutrora delegado de medio ambiente, Alfredo Cacharro Pardo, delegación que foi especialmente belixerante, a dicir da empresa, para que esta suspendera total e definitivamente a actividade que estaba a desenvolver. E Cavima, como responsable principal da desfeita medioambiental e do deterioro da estrada, nun intento de salvar a explotación, e por ende os 62 postos de traballo, a empresa estaba disposta a financiar con 500 millóns de pesetas (3 millóns de euros) posibles solucións, presentando varios proxectos. Un proxecto alternativo, que contou co informe negativo do enxeñeiro xefe de Vías e Obras e outro a través da construción dun viaduto, proxecto que foi recorrido pola competidora Pizarras Gallegas. Pero á marxe de toda esta historia de enredos, o que cómpre é buscar dunha vez por todas unha solución técnica que resolva o problema de vez e que contente aos veciños e veciñas para que poidan transitar pola estrada en condicións de seguridade, pero tamén ter en conta que todas estas cuestións ás que se referiu máis arriba tamén explican, en parte, por qué a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

día de hoxe a estrada está sen arranxar. Para finalizar reitera o ofrecemento da súa segunda quenda para que a utilicen os veciños.

D. Argimiro Martones Fernández, do Grupo Popular, di que nin el nin ningún compañeiro do Grupo Popular van falar por riba do que poidan dicir os veciños. Pensa que é bo que os veciños tomen o uso da palabra da segunda quenda dos tres grupos. Primeiro dálle a benvida a todos os veciños e veciñas e di que coinciden na existencia dunha realidade, que non é outra que este viario e o seu estado, que lles está a causar prexuízos durante moito tempo aos veciños e veciñas da zona. Trátase dun problema moi complexo e de difícil solución, pero a ten e hai que darlla. A partir deste intre obviarán a palabra difícil. Desde esta casa teranse que coordinar moitos recursos, tanto económicos como técnicos, pero farase. Para isto é importante acertar na primeira decisión, pois nela estará acertar ou non nunha conclusión óptima. O primeiro será acertar no proxecto técnico máis adecuado custe o que custe a decisión que resulte do proxecto. Debemos ser resolutivos desde xa, polo que entenden que o que se pretende aprobar a través da moción que se presenta non é o camiño máis correcto. Non porque non sexa loable o que se pide, senón, precisamente, por non ser o camiño máis corto na toma de solucións. Fai falta concretar actuacións, prazos e seguimento delas, polo que presentan a seguinte emenda de substitución: 1º.- Constituír un grupo de traballo para o estudo específico desta problemática, composto por un representante de cada grupo político na Deputación, convidando tamén a participar a un representante de cada grupo político do Concello de Vilamartín de Valdeorras (entendendo que eles son os máximos representantes dos veciños e veciñas do concello). 2º.- Licitar, no prazo de dez días, a elaboración dun proxecto de trazado que contemple unha solución definitiva que garanta a accesibilidade en condicións de seguridade das veciñas e veciños ao núcleo de San Vicente. O dito proxecto de trazado someterase a información pública coa garantía da participación dese proceso das veciñas e veciños. 3º.- Requirirille á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para que, no prazo máximo de dez días, se pronuncie sobre o cumprimento da normativa medioambiental das alternativas de trazado remitidas pola Deputación. Lembra que son tres as alternativas que se barallan para este proxecto. Entenden que con esta emenda de substitución se concretan prazos, se fan mesas de traballo que van servir para o seguimento dos traballos que se encargan e para darlle unha maior celeridade a unha resolución que hai que tomar canto antes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

O Sr. presidente di que entendendo que os tres grupos deciden cederlle o uso da palabra a un representante dos veciños durante o tempo de 12 minutos (4 minutos por grupo), polo que roga que ocupe o escano a carón do Sr. Bautista Carballo un representante dos veciños.

Unha vez identificado o veciño como **Leopoldo Nogueira González**, di que como veciño do pobo de San Vicente e como traballador da empresa durante os anos que estivo actuando, pode dar fe como testemuña do que ocorreu nesa empresa. A dita empresa preséntase alí no ano 1993. Había unha empresa que levaba 20 anos traballando e non causou ningún dano, pero a empresa que entrou no ano 1993 non entraba como unha pizarreira, senón que entrou como un elefante nunha *cacharrería*. Aos tres meses de estar traballando a estrada báixase aproximadamente nuns 15 metros sen tomar ningún tipo de medidas. Segue traballando desde 1993 ata 1996 e quedan baixados máis de 200 metros e tampouco se tomaron medidas. Desde 1996 ata o 2000 pasouse á ladeira norte, quedando as dúas ladeiras totalmente esnaquizadas. Desde a Deputación tampouco se tomaron medidas. Viu montóns de veces ao Sr. Rodríguez-Portugal, viu vixilantes pero nunha existiu unha solución. A estrada queda totalmente esnaquizada sen que se tome ningunha medida. No ano 2000 parálizase a empresa, e nun escrito da Deputación dise: *La Diputación Provincial de Ourense, en sesión ordinaria de 26 de mayo de 2000, en relación con los problemas que afectan a la carretera citada, tomó, entre otros, el acuerdo de ordenar la paralización inmediata de las obras y usos no autorizados, así como la restitución del medio físico a las condiciones anteriores a las actuaciones realizadas.* O 12 de xuño de 2000, recíbese na Dirección Xeral de Industria, procedente da Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio de Ourense informe sobre a proposta da suspensión dos traballos da concesión da explotación San Vicente, n.º 4.327. A dita proposta está baseada en que a resolución da Deputación Provincial de Ourense de 26 de maio de 2000 implica de inmediato, non só a paralización dos traballos de desmonte e preparación, como xa se ordenara, senón tamén os da propia extracción de lousa, que estando na actualidade nas cotas máximas permisibles non só poderán seguir o seu desenvolvemento na profundidade por falta das correspondentes bermas laterais, senón que ademais as superficies actuais onde se sitúan os bancos de lousa deberán quedar dispoñibles para a restitución viaria e a restitución do medio ambiente. Pregunta, se no ano 2000 existen todos estes problemas e se dan todas estas circunstancias, qué cambio aconteceu para que no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

ano 2011 volva abrir esa empresa, qué metamorfose se transformou na empresa. Os problemas seguen estando aí e vese como a ladeira norte está practicamente toda esnaquizada. Na primeira semana de marzo de 2009, hai 5 anos, colócanse uns sinais oficiais de dirección prohibida, perigo e vía cortada. Non se tomou ningunha medida nestes cinco anos, con poñer vía cortada xa está, e os veciños quedan afogados no pozo e non teñen por onde saír. Dinlles que hai outra saída que é practicamente imposible, porque no inverno hai uns rapaces que van ao colexio e a nai, ás 8.00 da mañá, ten que estar limpando a estrada para que poida subir o taxi. O 4 de novembro houbo un derrubamento, causado pola pizarreira, polo que non poden circular pola vía cortada nin pola outra. Cre que xa vai sendo hora de que se tome unha determinación para arranxar estes problemas que ten o pobo. Agora díselles que é moi problemático facer un recheo, porque é moi custoso e que existen problemas coa Confederación, pregúntase por qué non se tomaron antes medidas para que isto non ocorrese, xa que eses problemas tamén existían cando se asinou o convenio. Os veciños do pobo de San Vicente son poucos, pero loitarán con todas cantas forzas e medios teñan para conseguir que se arranxe o viario, que leva 90 anos feito, e desde hai 21 practicamente desapareceu. O pobo de San Vicente paga os impostos como calquera outro cidadán, pero non se lles dan os servizos. Reitera que xa vai sendo hora de que se tome en consideración aos veciños e veciñas de San Vicente. Agradécelle á Presidencia que lle dese a oportunidade de expresarse.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que o seu grupo se vai abster na votación da emenda porque non se lles dá participación na comisión aos veciños.

O **Sr. presidente** aclara que non se crea unha comisión, senón un grupo de traballo, e que politicamente se di que formen parte deputados provinciais dos tres grupos e concelleiros dos grupos do Concello de Vilamartín, pero a ese grupo de traballo poden asistir tanto técnicos que expliquen o desenvolvemento da cuestión como representantes veciñais. Non se exclúe a asistencia de representantes veciñais a ese grupo de traballo. Di isto por se serve para acomodar o voto.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que se iso se inclúe na emenda non teñen ningún problema en votala a favor.

D. Argimiro Martones Fernández, do Grupo Popular, di que non hai ningún problema en que conforme pon como convidados aos concelleiros dos grupos do Concello de Vilamartín, poñer tamén como convidados a unha representación dos veciños. Pensa que é máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

loable que saia de aquí un acordo unánime. Anuncia que a Deputación, para a elaboración do proxecto, pon a disposición en torno aos 180.000 euros, que farán boa falta, en función do que se estime que custen despois as obras.

Non se producen máis intervencións, e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, coa engádega anunciada, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos asistentes á sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Constituír un grupo de traballo para o estudo específico desta problemática, composto por un representante de cada grupo político na Deputación, convidando tamén a participar a un representante de cada grupo político do Concello de Vilamartín de Valdeorras e a un representante dos veciños/as do pobo.

2º.- Licitar, no prazo de dez días, a elaboración dun proxecto de trazado que contemple unha solución definitiva que garanta a accesibilidade en condicións de seguridade das veciñas e veciños ao núcleo de San Vicente. O dito proxecto de trazado someterase a información pública coa garantía da participación dese proceso das veciñas e veciños.

3º.- Requirirlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para que, no prazo máximo de dez días, se pronuncie sobre o cumprimento da normativa medioambiental das alternativas de trazado remitidas pola Deputación.

10º.- MOCIÓN DA PRESIDENCIA PARA ELABORACIÓN DUN CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUCTA DOS CARGOS ELECTOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá lectura á parte dispositiva da moción formulada pola Presidencia o 24 de febreiro de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que se isto non fose un asunto tan serio e unha das principais preocupacións para a cidadanía, parecería, polas datas nas que andamos, que se trata dunha *carnavalada*. En primeiro lugar, é cuestionable que alguén que de forma tan pouco ética como estética utilizou os resortes do poder para afianzarse na Presidencia do seu partido, e por ende de presidente desta institución, feito que levou ao seu antecesor e proxenitor ao *banquiño* dos acusados, acusado dun delito continuado de prevaricación pola contratación de 104 traballadores e traballadoras na antesala do congreso provincial onde se entronizou ao actual presidente, apareza agora disfrazado de adaiíl da ética e da conduta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014

Retomando o simil do Entroido, xa que estamos nestas datas, di que o presidente foi introducido nesta institución dun xeito semellante ao que as pantallas de Xinzo introducen ao que collen na rúa para que lles pague algo no bar. Como ben saben, fano para recibir algo a cambio, nin máis nin menos que o que fixeron co presidente os que o entronizaron na poltrona. O que pasa é que o Entroido é o Entroido, e o que fixeron nesta institución pública dista moito de adaptarse a un suposto código ético e de boa conduta co que agora nos queren engaiolar. O grupo do BNG desta Deputación tenlle pedido ao presidente, por activa e por pasiva, que no uso das súas facultades tomara medidas diante dos reiterados casos de corrupción que afectan a deputados provinciais do seu partido, obtendo a calada por resposta. Pregúntalle ao presidente se é ese o seu sentido da ética. Pois se é ese, desde logo non coincide para nada coa idea que o BNG ten a ese respecto. O BNG non só esixe a asunción de responsabilidades políticas senón que cando lles corresponde practican o que lle piden aos demais, separando as responsabilidades políticas das civís ou penais que se puideran derivar nos distintos casos. É máis, o sentido da ética do BNG xa non precisa que sexa o partido o que tome as decisións, senón que son os propios afectados/as os que as toman. É un escándalo que o Sr. presidente manteña, contra vento e marea, a deputados imputados en distintos procesos e que agora fale da elaboración dun código de ética e boa conduta, e que nin tan sequera se poña colorado. Nin sequera o presidente é quen de cumprir o que o seu propio partido establece no código de boas prácticas. Le unha frase que de seguro lle refrescará a memoria ao Sr. presidente: o Partido Popular, entende que non é posible esixirlles rexeneración aos demais se previamente non asume un compromiso de autoesixencia, tanto como partido como aos seus dirixentes e militantes que poidan ostentar tarefas públicas. O artigo 1 dese código do Partido Popular di o seguinte: todos os cargos públicos, responsábeis políticos e profesionais con funcións executivas no partido han de observar o máximo rigor e esixencia no desempeño das súas funcións, velando sempre polo interese público e servizo aos cidadáns e absténdose de calquera conduta que (aquí está a nai do año cuxa cuestión é a chave da fruta), aínda sendo plenamente legal poida danar a imaxe e honorabilidade da organización, e el engade que neste caso da institución. Parece quedar claro que o sentido da ética do presidente non coincide co sentido da ética do seu partido en canto á súa aplicación. É o que no argot da rúa se coñece como *ética chicle*, que estira e encolle en función de se nola aplicamos a nós mesmos ou a outros. Despois do dito, non xa polo BNG, senón polo propio Partido Popular, pregúntalle ao presidente se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

considera que a situación do alcalde de Xinzo, imputado por prevaricación ligada a presuntas irregularidades en contratos, corroboradas por dez sentencias previas do xulgado do contencioso, é exemplar e ética. Pregúntalle tamén se considera igualmente que o alcalde do Carballiño, Argimiro Marnotes, imputado na operación Pokemon, unha das maiores tramas de corrupción, é unha conduta exemplar, ou se van limitar a ler os outros tamén. E que dicir do señor Freire Couto que, ademais de defraudar á facenda pública, tivo que ir declarar como imputado nunha presunta trama de corrupción urbanística, tamén é un exemplo de ética. Por non falar do señor Feijoo, alcalde de Baltar, que está pendente dun recurso contra a sentenza que o absolve penalmente pero que o incapacita, desde o punto de vista do BNG, para exercer calquera actividade pública, e que por certo a xuíza do penal cualificou como conduta desafortunada e reprochable para a pluralidade democrática. Dille ao presidente que hai que traer a vergoña na reserva para presentar hoxe un código desa magnitude e pregúntalle se ese é o seu sentido da ética. Dille tamén que o movemento se demostra andando, polo que para resultar críbel debería, e aínda está a tempo, tomar as medidas que lle teñen reclamado desde o BNG. Cando o faga así falarán de ética e de códigos, e mentres pídelles que deixe de tomarlles o pelo a eles e á cidadanía.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que esta moción provoca, cando menos, xenreira e impotencia. Máis ben parece unha tomadura de pelo. Intentará explicar os motivos, que son numerosos e, por ende, gravísimos. Se a estas alturas do século XXI, ano 2014, temos á provincia de Ourense, a vella Auria, como escoita moitos días pola radio, no furgón de cola de practicamente todos os indicadores posibles e na dianteira dos indicadores que reflicten as taxas máis baixas, tamén a todos os niveis, socioeconómicos, renda per capita, pensións máis baixas, emigración, perda de servizos básicos, peche de colexios e un longo etcétera interminable. Parécelles unha tomadura de pelo que o Sr. Baltar, da saga dos Baltar, fillo do anterior presidente e que chegou ao cargo por designación, como se se tratase dun cargo hereditario e vitalicio, herde tamén os cargos orgánicos do seu pai nun congreso que ten ao anterior presidente Baltar a punto de sentar diante dun xuíz polas famosas contratacións irregulares que xa mencionou o voceiro do BNG, presente esta moción. Parécelles unha *bravuconada* cando nesta institución se reparten subvencións nominativas a dedo, como acabamos de comprobar hai un momento, dependendo de quen sexa o peticionario, dos del ou dos outros. Parécelles unha farsa que veña con esta moción, cando están sentados na bancada de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

enfrente imputados en diversos procesos xudiciais e da máis diversa índole. Parécelles unha farsa a estas alturas da denigración da vida política cando estamos nas máis altas cotas de desafección cidadá cara ás institucións públicas e privadas, políticas, xudiciais, cámaras lexislativas e incluso cara á propia monarquía. Para os cidadáns, a día de hoxe, somos un dos maiores problemas deste país. Se alguén sae á rúa preguntarlle á xente que opina da política e dos políticos, estamos á cabeza das súas preocupacións. Que dicir desta casa, que o Grupo Popular mangoneou, que fixo dela un niño de caciques e cacicadas (o pai do presidente gabábase de ser o cacique bo). Ten sorna que veñan agora con esta milonga, cando esta institución funcionou durante anos como unha maquinaria perfecta de enchufismo, caciqueo e de reparto indecente de fondos públicos, sen pudor e sen rubor, saltando os máis elementais principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Esta casa está sendo investigada pola Unión Europea por fraude e posiblemente teña que devolver cartos de todos os ourensáns. Manifesta que na segunda quenda de intervencións dirá a intención de voto e lembrará algunha frase que é digna de mención.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, parafrasea a frase que dixo antes o Sr. Bautista Carballo e di que nunca mellor dito o de pau se remas e pau se non remas. Deixando ao lado o Entroido e un disface de tanto arraigo como é a pantalla de Xinzo, di que isto é algo máis serio. Dá lectura á exposición de motivos da moción, co seguinte contido: É innegable que vivimos nos últimos tempos unha importante desafección cidadá cara á política e ás institucións, públicas e privadas, administracións e altas maxistraturas do Estado ou entidades representativas da sociedade civil. A erosión da confianza da cidadanía na actividade política tense manifestado dun xeito evidente, o que obriga a institucións, aos partidos políticos e a representantes públicos a multiplicar esforzos para pór en valor a Política e a súa funcionalidade para unha sociedade democrática nuns momentos particularmente complexos. A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, consciente da necesidade de facer unha achega propositiva para a mellora da calidade democrática do noso sistema institucional, impulsa a través da presente moción a elaboración e aprobación dun Código Ético e de Conduta que regule as normas éticas de referencia para os cargos electos e para o persoal ao servizo da administración provincial. O Consello de Europa ten exposto que o contexto de grave e profunda crise económica que se instalou na Unión Europea, deriva no deterioro da calidade democrática das institucións locais e da propia vida política municipal, que implica en moitos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014

casos unha maior desconfianza cidadá e, en concreto, unha atención intensificada fronte calquera conduta política que non encaixe nas marxes razoables nas que se debe desenvolver a actividade política. As entidades locais, e os propios representantes institucionais debemos, por tanto, redobrar esforzos por restablecer o valor da política local e recuperar a confianza da cidadanía. Neste contexto de maior esixencia pública, a política local en Ourense require un reforzamento do compromiso efectivo coas veciñas e veciños, un apuntalamento e exteriorización efectiva dos valores públicos, dos estándares de conduta e da actitude moral dos cargos públicos locais. E a esa finalidade atende esta proposta da presidencia do goberno provincial. A Deputación Provincial de Ourense ten realizado importantes cambios nas súas prácticas de goberno e relacións coa cidadanía. Esta institución actualizou as canles do acceso á información por parte dos cidadáns, e hoxe en día dispoñemos dun Portal de Transparencia que abriu un novo tempo na relación desta institución coa cidadanía, como dá testemuño o feito de que a finais de 2013 Transparencia Internacional situara a esta Deputación entre as tres primeiras de España en canto a transparencia e acceso á información. A aplicación para dispositivos móbiles permitiu constituír un rexistro de incidencias provinciais que fai que calquera cidadán dende o seu teléfono contacte coa institución para demandar calquera cuestión relacionada coas administracións públicas. Estamos na era da administración 3.0 onde a intelixencia tecnolóxica ten un valor engadido no proceso irreversible de compartir toda a información que posuamos coa cidadanía. Nesta liña considérase imprescindible seguir apostando pola mellora da calidade democrática das institucións, e así entendemos que sería bo dotar á Deputación Provincial de Ourense dun código de bo goberno, que implique ao conxunto dos representantes electos, goberno e oposición, pero tamén ao conxunto do persoal ao servizo da administración. O compromiso ético no exercicio do servizo público, a tolerancia cero coas condutas impropias, a regulación dos agasallos institucionais ou a xestión responsable dos fondos públicos, serían algúns dos asuntos para abordar neste Código, a semellanza dos contidos que conforman disposicións similares que constitúen textos de referencia no dereito comparado. Incorporaríanse, así, determinadas obrigas, principios e responsabilidades que afectan á totalidade de quen forman parte desta institución. En ningún caso é obxectivo desta iniciativa política o feito de aprobar ou subscribir ese código cunha finalidade de utilizalo como ferramenta de control político ou de descualificación recíproca, senón coa pretensión de interiorizar o seu contido e mellorar a imaxe institucional da entidade local, coa mirada posta en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

reforzar a confianza da cidadanía nas súas institucións. Está seguro de que a oposición está de acordo con isto.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que si, si están de acordo en que a institución ten que ser transparente. Ao BNG gustaría lle que fose tan transparente que non se vise. Para Aristóteles, a ética e a política teñen un vínculo inseparable, a primeira desemboca e subordínase á segunda, pois a vontade individual debe pregarse á da sociedade, porque para a felicidade plena da comunidade, ambas están completamente unidas. Por iso a ética é un acto de vontade individual e transcende ao ámbito do persoal, alcanza o colectivo e deriva logo na ética ou a moral públicas. A ética, o mesmo que a dignidade, a vergonza e algunha outra máis que deben ser propiedade inalienable do individuo, ou se ten ou non se ten. Quen a ten non necesita un código ético nin de conduta e quen non a ten tampouco o necesita porque non lle vai facer ningún caso. Aí é onde o BNG pide que entre o presidente, nos casos sen ética e sen boa conduta. Pero ben mirado, cómo van tomar medidas con eses casos se no momento de pedirilles contas polas súas accións eles tamén poden reprochar a forma de entrar na institución do Sr. presidente, entón aí xa hai un certo control sobre a ética. Pide que se tomen medidas cos imputados que rodean ao Sr. presidente e despois empezarán a falar de códigos éticos. Mesmo lle van dar unha marxe de confianza para que tome esas medidas e vansen abster, para que no caso de que se se toman estas medidas aí os terá apoiando o código que queira.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, subscribe parte das palabras do compañeiro do BNG, e di que o que se pretende iniciar nunha comisión é un código ético e de conduta que regule as normas éticas para cargos electos e para o persoal ao servizo da administración provincial. Pregúntase se cando se toma posesión do cargo de concelleiro ou concelleira, cando se xura ou promete como alcaldes e días máis tarde como deputados provinciais, qué se está a xurar ou a prometer. *Juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo, con lealtad al Rey y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado y demás normas.* Esta premisa debería ser suficiente para salvagardar o correcto funcionamento de todos e cada un dos que forman parte desta Corporación Provincial e, polo tanto, de cada un dos traballadores e persoal de confianza desta casa. Abondaría a Carta Magna como norma fundamental do Estado para cumprir fielmente co que xuramos e prometemos, todo o demais podemos poñelo negro sobre branco, pero non deixará de ser papel mollado se non mudamos as vellas e indecorosas prácticas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

veñen de moi atrás e que se practican a cotío en moitos concellos e nesta institución. Comprende que o Sr. presidente intente ser un presidente moderno aferrado ás novas tecnoloxías que nos achegan á cidadanía e parécelles ben pola idade do presidente, pero pídelle que mude tamén a forma de facer política e que procure que para esta provincia (para iso o elixiron) as máis altas cotas de investimento, de creación de emprego, de aproveitamento de recursos naturais, industriais, científicos e de toda índole, para que esta provincia despegue e deixe de estar no furgón de cola. Todo o demais son titulares de prensa, autobombo, propaganda e fogos de artificio Hai un dito sobre aquilo que dixo un emperador romano: a muller do César non só debe ser honrada, senón tamén parecelo. Parécelles que con este código ético o que se pode intentar é máis ben o segundo. O Grupo Socialista da Deputación está de acordo coa elaboración dese código ético e de intentar escribir unha nova páxina na historia desta institución. Oxalá estas prácticas muden para sempre e sexa (aínda que entrou como entrou) un presidente que sexa lembrado, polo menos, por intentar cambiar esas vellas prácticas. Anuncia que votarán en contra e estarán na comisión para a elaboración do código ético, e esperan que as vellas prácticas muden para sempre.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se mestura case todo, aínda que lle poidan dicir que todo está relacionado. A Sra. Lama falou das subvencións nominativas que se aprobaron nun punto anterior e pensa que non as mirou ben, porque de case 200.000 euros 120.000 euros son para un concello gobernado polo Partido Socialista (o 60%) e tamén había unha parte importante para o funcionamento dos grupos políticos. Algún concello non pode dicir que non se lle concedeu nada porque non consta ningunha petición. Con respecto ao que lembran do Sr. presidente, di que no congreso do Partido Popular ao que se refire a oposición (no que el colaborou) había máis de mil delegados. Falan de cento catro contratacións e cre lembrar que só seis foron compromisarios. Se consideran que esas seis persoas foron as que puxeron ao Sr. Baltar Blanco na presidencia do Partido Popular están moi equivocados. No Partido Popular vótase libremente e elíxense ás persoas, non se designan. Con respecto ao punto da orde do día, di que xa existe un código ético elaborado pola FEMP (cre que en 2009) e non pretenden duplicidades senón que pretenden un código ético para esta institución. Este código ético será de aplicación para os políticos e para o persoal e non pretende ser un arma arreboladiza contra ninguén. Adianta que a Presidencia presentará en breve un borrador que servirá de base para a elaboración do texto definitivo, onde os grupos políticos terán a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

oportunidade de facer as achegas que estimen adecuadas. Dille ao grupo do BNG que isto non é ningunha *carnavalada* porque alguén do BNG tamén vai presentar algo similar noutra zona de Galicia. O Grupo Socialista di que isto é innecesario porque xa existe a Carta Magna, pero ese non é o discurso do seu líder (non sabe ben se será o líder de todos) que parece que case quere acabar coa función política, porque, segundo leu estes días, o Sr. Besteiro dicía que os políticos non podían estar nin nas mesas de contratación, nin en tribunais nin en ningún sitio, entón que marchen todos para casa e que gobernen os técnicos. Unha vez máis, pese a quen lle pese, esta Deputación volve ser pioneira en Galicia e no conxunto do Estado (ao mellor é iso o que molesta) e o que pretenden única e exclusivamente é unha maior transparencia e a máxima claridade da xestión pública. Pide que se mire para diante e que o pasado sirva de exemplo e pídelle á Sra. Lama que diga por qué lle parece mal apoiar a elaboración deste código ético. En canto ao que se dixo sobre persoas imputadas di que sempre hai a presunción de inocencia lembra o que dixo unha xuíza (ultimamente moi famosa) que di que estar imputado/a non significa ser culpable. Isto é o que opina o grupo de goberno, o que defende e seguirá a defender.

Intervén novamente **D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, para dicir que se equivocou antes cando dixo que ían votar en contra. Si están de acordo coa elaboración do código ético e van votar a favor.

O **Sr. presidente** di que o que se vai votar é unha proposta para elaborar, non se somete a votación un texto definitivo. El redactará persoalmente un texto que exporá diante da comisión e será ese o momento de pronunciarse e facer as achegas que se consideren oportunas para así poder presentalo neste pleno nun prazo de dous meses. Isto non é un invento, é algo que xa existe como xa se dixo neste debate. No ano 2009 a FEMP aprobou un seguindo as recomendacións do congreso dos poderes locais e rexionais do Consello de Europa, e antes disto, no ano 2005, o propio goberno do Estado da Nación, presidido por quen sabemos, aprobou un código de bo goberno dos membros do goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado. En canto a outras cuestións que xurdiron no debate di que o único que interesa é que sexamos capaces de elaborar un código ético e de boa conduta, non só para os cargos electos, senón tamén para o persoal ao servizo desta administración provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Non se producen máis intervencións e a Presidente somete a votación a súa moción, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Elaborar no seo da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, unha proposta de Código Ético e de Conduta dos cargos electos e do persoal ao servizo da administración provincial.

2º.- Presentarlle, no prazo de dous meses, ao Pleno da Corporación Provincial a dita proposta para o seu debate e, se é o caso, aprobación.

12º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2013 E DE XANEIRO DE 2014, E DO 1º ADICIONAL DE OUTUBRO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia nos meses de novembro e decembro de 2013 e de xaneiro de 2014, e do 1º adicional de outubro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2013 E DE XANEIRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos meses de novembro e decembro de 2013 e de xaneiro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Tras a declaración previa por unanimidade da urxencia do asunto, tratouse a seguinte moción:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

13ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIRLLES ÁS ADMINISTRACIÓN COMPETENTES MELLORAS DE CONTROL E XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández, para que defenda o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura á moción, xa que non é unha moción de factoría como outras veces, senón que é unha grave preocupación. A auga é un ben tan escaso, que nos países como o noso non lle damos a importancia nin a apreciamos como o tesouro que é para outros países. En Galicia, e concretamente na nosa provincia atravesada por centos de ríos e regatos e con vilas que contan na súa meirande parte con fermosos cursos fluviais, estamos asistindo impasibles ao deterioro acelerado das súas augas. Este prexuízo, que se está volvendo irreparable, ten moitos protagonistas como as administracións locais e provincial como encargadas de velar polo cumprimento das leis medio ambientais e tamén os organismos de conca como responsables directos do seu mantemento e inspección. Pero o fundamental está nos nosos concellos que son os que administran os servizos de saneamento e abastecemento, por si mesmos ou mediante concesión a empresas. A ninguén se lle escapa que tamén as diversas actividades humanas domésticas, agrogandeiras e industriais, causan efectos destrutivos sobre os ríos e sobre a súa biodiversidade e que en épocas estivais acaban por contaminar gravemente encoros e presas de abastecemento humano para o consumo diario ou para o lecer. Estamos de acordo en que os recursos hídricos son fundamentais para a supervivencia de todas as especies, pero creemos firmemente, que de non poñer remedio inmediato estamos a converter un prezado recurso, nun grande problema. Deste xeito podemos ler semana tras semana, novas sobre vertidos ós ríos e regatos, depuradoras que non depuran ou están obsoletas, e en determinadas zonas da provincia de Ourense unha actividade agrogandeira altamente tóxica e agresiva co territorio que acaba por contaminar acuíferos e capas freáticas, e que van parar ás concas. A Xunta de Galicia aumentou o seu canon, ese que todos os veciños pagamos cada trimestre, no ano 2012 mediante Decreto, despois de aprobar una nova Lei de augas de Galicia no ano 2010, e que grava o "uso ou consumo real ou potencial da auga de calquera finalidade e mediante calquera aplicación, por causa da afección ao medio que a súa utilización puidera producir". A entrada en vigor deste tributo eliminou as exencións que, dende 1993, libraban do pagamento do antigo canon de saneamento a, por exemplo, os habitantes de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

núcleos de menos de 2.000 persoas nos usos domésticos. Ademais, grava captacións como pozos ou traídas veciñais, construídas con recursos da veciñanza, pero esta suba non arranxou ningún dos problemas que seguimos padecendo na contaminación de ríos e regatos. Así podemos ler esta semana que a propia Confederación Hidrográfica Miño - Sil vai ter que gastar 1.200.0000 € en limpar o encoro das Conchas, cando todos sabemos que o encoro actúa de muro de contención de vertidos que se producen quilómetros máis arriba. Ou escoitar como o Centro de tratamento de xurros feito na Limia con substanciosos fondos europeos, vai ter que pechar por falta produto para tratar, mentres se enchoupa a chaira da Limia de xeito incontrolado de xurros que deberían ser correctamente depurados. Porque xa non podemos mirar para outro lado e deixarlle a fillos e netos uns recursos en estado calamitoso, debemos actuar dende todas as administración, cada unha no ámbito das súas competencias. Por todo elo é que o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: instar aos concellos da provincia ao estrito control das concesionarias no cumprimento das competencias encomendadas no tratamento de saneamento e depuración das augas. Esixir de todos os organismos que xestionan o ciclo da auga na provincia de Ourense (Confederacións Hidrográficas, Deputación, etcétera) o estrito control nas medicións e nos labores de inspección de vertidos en puntos de risco. Esixir da Xunta de Galicia a rebaixa do canon a cifras anteriores a Lei 9/2010, do 4 de novembro, por mor do momento de crise estamos a atravesar.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, quere facer un inciso en relación cun punto anterior e di que a xuíza Pilar de Lara di iso, pero o fiscal xeral (o Sr. Varela) di que os imputados deberían dimitir, algo co que está de acordo o BNG. En canto á moción di que entra en diversas cuestións, todas elas de interese. Por unha banda falan de cuestións medioambientais, o canon da auga e das carencias das infraestruturas coas que se conta e da necesidade de pór en marcha outras novas. A Deputación de Ourense buscou pór en marcha, e iso hai que recoñecerllo, un instrumento que permitira a xestión do ciclo hidráulico, e que mellorara a situación nos concellos, aínda que iso supuxera elixir unha fórmula coa que o BNG estivo en contra que foi á da constitución dunha empresa mixta con capital maioritario dun socio privado, Aquagest, empresa que neste momento se atopa inmersa no centro da polémica a raíz de facerse público o sumario da operación Pokemon. Porque, permitíndolle un xogo de palabras, “aqueles pos trouxeron estes lodos”, e o que presumía ser a solución á depuración das augas residuais nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014

concellos da provincia, acabou por converterse nun problema, a raíz da adxudicación das depuradoras compactas do plan Daredo e Deputrán, que ademais de ter a esta institución no punto de mira, xa levou a organismos internacionais a pedir a devolución de diñeiro público e a funcionarios desta institución a declarar. Porque, ademais das irregularidades e da presunta comisión de delitos, que están a ser investigados polo xulgado, na base desta cuestión está un dos problemas que afecta á depuración na provincia. O excesivo custo de mantemento do modelo de depuración pola que se optou, está a provocar que sexan maioría os concellos que non teñen acendidas as depuradoras durante as 24 horas do día, o cal incide nunha depuración incorrecta da auga. Esta é sen dúbida unha cuestión non menor desde o punto de vista medioambiental, pois unha mala depuración incide directamente nunha peor calidade das nosas augas. Por certo, cuestión esta que se omitiu deliberadamente no prego de condicións para que os alcaldes non se asustaran, porque de saber o que gastaban e o custo económico que iso comportaba probablemente non quixeran ningunha. Por iso que tan importante como os controles periódicos, tanto da calidade das augas como do nivel de depuración, resulta o feito de que as depuradoras funcionen o maior tempo posíbel. Tamén se fai mención na moción á posibilidade de que a única planta de tratamento de xurros agrícolas de Galiza, o Centro Tecnolóxico Medioambiental (CTM) que a cooperativa COREN ten en Sarreaus, planta que foi inaugurada no ano 2007 e supuxo un investimento de 22 millóns de euros podería estar en serio risco ao verse abocada ao peche se o Goberno Central aproba, como ten previsto, a redución do 40% nas axudas a este tipo de plantas. O peche suporía un grave problema medioambiental para unha comarca que xa sofre os efectos dunha agricultura industrial intensiva, con máis de 350 granxas avícolas e de porcino e entre 70 e 75.000 cabezas de gando maior, sobre todo porcino. O Ministerio de Industria remitiulle, o pasado luns 3 de febreiro, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) a súa proposta de orde para substituír o actual sistema de retribución ao réxime especial (renovables, coxeneración e residuos, como as plantas de tratamento de xurros), baseado ata o de agora en incentivos á produción, polo de garantía dunha rendibilidade razoable durante a vida útil da planta. No caso das plantas de tratamento de xurros o recorte nas axudas será dun 40%. A propia dirección de COREN recoñece que de aprobarse esta Orde nos termos previstos inicialmente, a planta xeraría perdas, circunstancia que obrigaría a buscar outras alternativas para darlles saída aos residuos gandeiros. Por iso, o peche da planta de tratamento de xurros da Limia provocaría un impacto medioambiental moi negativo en toda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

Galiza, e en especial na Limia. E é que os xurros, especialmente os de explotacións industriais de porcino, provocan contaminación dos acuíferos e do solo pola sobrecarga de nitratos, denunciados ao longo de todos estes anos por distintos movementos ecoloxistas e grupos políticos, e que ven de evidenciar o CSIC a través das numerosas mostras recollidas ao longo de máis de 12 meses en todos os tramos do Limia, que resultan especialmente visíbeis no encoro das Conchas, que cada verán tórnase dunha cor verde brillante debido ás cianobacterias, que proliferan en augas cargadas de nitratos e fósforo. A consecuencia: a eutrofización das augas, o ou que é o mesmo, a morte da vida acuática por falta de oxíxeno. Sorprendeulles especialmente aos investigadores do CSIC que o mapa de depuradoras sexa bastante escaso en toda a comarca, e agás no caso de Xinzo, apenas haxa concellos que teñan conectados os seus vertidos a unha rede canalizada e a un sistema operativo de depuración. Unha situación xa de por si grave que empeoraría co peche do Centro Tecnolóxico Medioambiental (CTM) de COREN. Con respecto ao canon da auga, o PP rexeitou unha proposición de Lei, presentada polo BNG no Parlamento Galego, na que se reclamaba modificar a Lei de augas de Galiza por entender que era recadatoria, penalizaba os usos domésticos fronte aos industriais e prexudicaba gravemente aos residentes do medio rural. Un canon que debería servir para manter limpas as nosas augas e o único que ten é un fin recadatorio. O PP defende esta lei, unha medida que o propio Consello Económico e Social cuestionou no seu incremento da presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, medida que contou co rexeitamento da poboación galega con case dez mil sinaturas presentadas no Rexistro do Parlamento de Galiza. Anuncia que están a favor da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non lle gusta moito entrar na casuística pero dado que o Sr. Iglesias Pérez cuestionou o que dixo unha xuíza e referiuse a un fiscal, di que a palabra imputado é o que é, nin máis nin menos, e invítalo a pensar. Pon como exemplo persoas imputadas que logo non foron condenadas, e pregunta quen os repón na situación na que estaban. O BNG cogobernou no Concello do Carballiño cun alcalde imputado (máis ben acusado) e non pasou nada, é máis, foi conselleiro e aspirou a ser presidente da Xunta. En canto á moción, dille á Sra. Lama, sen acritude, que benvida á defensa das condicións medioambientais da provincia, porque esta Deputación leva anos (e cada vez máis) cun servizo que funciona especialmente ben de Augas e Medio Ambiente. Felicítase e está seguro que tamén en nome de todos os veciños e veciñas da Baixa Limia, en que recoñezan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

que o encoro das Conchas actúa de muro de contención de vertidos que se producen quilómetros arriba, aínda que haxa xente que diga que o culpable é el, encargándose de alarmar para que non vaia ninguén polos concellos da Baixa Limia (cunha despoboación galopante) onde empezamos a ser unha referencia no turismo interior de Galicia e alguén se empeña en que iso non sexa así, simplemente por cuestións políticas, unha forma moi orixinal de quererlle á terra. Anuncia que apoiarán a moción, especialmente el na súa persoa. Simplemente di que, por se se quere aceptar, non entende por qué hai que instar aos concellos a algo e esixirlles aos outros organismos, ou esiximos a todos ou instamos a todos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dálle as grazas ao deputado do BNG pola súa exposición e alégrase de que se lle dean a benvida ao recoñecemento dun problema. Di que en varias sesións (está nas actas) xa denunciou malas prácticas que se fan na súa comarca. Parécelle moi ben que se creen postos de traballo e niso coincide co seu alcalde, tamén en que se fagan instalacións agrogandeiras, pero o que contamine que pague. En canto á planta de COREN que se mencionou, di que a foi visitar varias veces e asegura que alí non entran nin cisternas nin ningún camiión de ningunha granxa para depurar nada. Algo terá que facer esta casa como o concello dos concellos. Preocúpalle o medio ambiente, preocúpalle o futuro do seu concello, da súa comarca e o da provincia, porque este problema non existe só na Limia, tamén existe noutros concellos (así ten os problemas que ten o encoro das Conchas). O novo canon da auga é unha nova taxa coa que se pretende recadar en toda Galicia 48 millóns de euros ao ano, que implica a subida no recibo da auga do 70% para moitas familias. Parécelles peculiar, cando se supón que en cada fogar deste país se presume un consumo para tres persoas por familia, cando este goberno sabe perfectamente o número de fogares cun só habitante e o número de casas baleiras que existen en Galicia, polo tanto, a factura a partir duns mínimos tan amplos deixa a multitudes de casas e casos nos que se está a pagar por consumos e depuracións que non se axustan á realidade. Pode afirmar que se está ante un mero afán recadatorio (como xa dixo o deputado do BNG), agora cada fogar ten que pagar 1,50 euros fixos de cota no recibo trimestral da auga, máis outros conceptos que varían en función das concesionarias que en cada concello están a facturar polo que en realidade se consume e se depura e dista moito dos prezos que se terían que pagar se estes canons fixos non existisen. Por exemplo en Xinzo, a modo ilustrativo, teñen o canon de conservación e acometidas e contadores 3,84 máis o 21% de IVE, isto así, por darlle unha concesión á empresa de 10 anos máis, sacárono da manga. A auga e o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

canon que se está a aplicar desde Augas de Galicia para a Xunta incrementou o recibo das familias, que ven como soben as cantidades pero non melloran as redes nin as depuracións das augas vertidas. Estanse a incumprir normativas de ámbito comunitario e calquera pode ver e ler na prensa vertidos a ríos e regatos. Deben ser as administracións públicas, cada unha no seu ámbito, as que velen polo estrito cumprimento da ordenación dos recursos hídricos e deben ser vixiantes cando o sistema sexa transferido a unha empresa concesionaria (diso falouse onte no plenario de Xinzo). De non ser así, estamos asistindo a un deixamento de funcións que queda patente cando saltan as alarmas por contaminación de encoros, sobradamente famosos, e de presas de abastecemento que, por certo, se baleiran a propósito cando se detectan problemas de salubridade, poñendo en risco a saúde pública das persoas e en grave risco os ecosistemas propios do medio natural. Esta moción non pretende nada máis que se fagan os deberes, pretende ser unha chamada de atención sobre as necesidades de tratar as augas como elemento indispensable, unha gota de vida con vida propia, para que os problemas poidan ser solucionados en tempo e forma e non haxa que gastar recursos en limpar o que de por si debería estar limpo. Agradece a confianza e voto a favor.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, incide no tema dos imputados e di que diante del ve catro (ou que o estiveron) e o portavoz do Grupo Popular puxo un exemplo no que o BNG cogobernaba cun imputado ou acusado. Iso debería mostrar que cando teñen presuncións marchan antes, porque ven a vida política dunha forma distinta que o Partido Popular, porque non son o eixo da vida persoal e económica. Teñen ideas diferentes en canto á ética política e polo tanto fan as cousas de forma diferente polo que esixen que os seus rivais, adversarios, compañeiros políticos fagan o mesmo, para demostrarlle á cidadanía que realmente a política é a política, a ética e non os *tinglados* que monta o Partido Popular e que lle chaman política, pero ben se ve que non o é. En canto ao asunto dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non toda a merda é culpa do que ven de arriba, ou é que no Concello de Muíños non hai depuradoras que non funcionan e verten directamente? Se cadra esa afirmación ía por eles, polo que di que eles non lle botan colorante ao encoro das Conchas

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que aínda que hai poucas cousas que o sorprendan neste momento está sorprendidísimo. Pregúntalle ao Sr. Iglesias Pérez que é para eles a presunción de inocencia, e cómo se repón a esas persoas imputadas e logo son inocentes. Deben estar mal informados e invita formalmente ao BNG a que se teñen algo que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

denunciar ou algo que acusar que o denunciem xa, porque parece que lles tocan de orella, pero mal tocados e quen lle toca de orella debería ir máis por Muíños e non estar na terra onde está, e así se informaría mellor. No Concello de Muíños hai unha depuradora que empezou a funcionar o mércores, porque antes non tiña nada que depurar, agora si ten porque se abriu unha residencia centro de día, poden ir comprobalo cando queiran, tanto o Sr. Rodríguez Puga como o levaetrae que lle dá mal a información. En canto á outra depuradora dille que vaia por alí, que leve unha cadeira e que se sente, así comprobará como funciona. En canto ao colorante que mencionou o Sr. Iglesias, non sabe quen lle puido contar o chiste e non sabe de que vai e xa está ben dos salvadores da patria. Agradece o ámbito positivo da Sra. Lama na ansia de arranxar o problema.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, en canto a emenda in voce que formulou o portavoz do Grupo Popular, di que lle gustaría que a estas alturas da película e debido aos graves problemas que hai, o verbo fose para todos esixir, porque se debería empezar a esixirlles a todas as administracións e ás concesionarias. Sente moito que se alteren os portavoces cun tema no que deberían estar todos de acordo, como é o medio ambiente e a auga. En canto ás imputacións di que a ética persoal de cada un xa nos debe dicir polas noites o que temos que facer ao día seguinte.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Esixirlles aos concellos da provincia para o estrito control das concesionarias no cumprimento das competencias encomendadas no tratamento de saneamento e depuración das augas.
- Esixir de todos os organismos que xestionan o ciclo da auga na provincia de Ourense (Confederacións Hidrográficas, Deputación, etcétera) o estrito control nas medicións e nos labores de inspección de vertidos en puntos de risco.
- Esixir da Xunta de Galicia, a rebaixa do canon a cifras anteriores á Lei 9/2010 do 4 de novembro, por mor do momento de crise que estamos a atravesar.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

O **Sr. presidente** anuncia que a Sra. Morenza Doforno presentou unha pregunta por escrito o 20 de febreiro, con número de rexistro de entrada 4.533, para resposta oral en pleno, co seguinte contido: Relacionado coa petición do deputado provincial Sr. Freire Couto, quixera saber se desde esta Deputación se acordou acceder ao pago de trienios ao dito deputado. O Sr. presidente responde que con data 25 de febreiro se lle enviou á deputada informe completo do expediente da solicitude do pago de trienios por parte do deputado don José Manuel Freire Couto, que con data 5 de xuño de 2013 reclamaba o importe do pago dos conceptos retributivos de trienios en antigüidade non percibidos. De acordo co informe emitido polo secretario xeral de data 25 de novembro de 2013 e co informe de Intervención da cantidade calculada de trienios do 16 de decembro de 2013, asinou un decreto en data 18 de febreiro 2014, no que se estima parcialmente a reclamación. A segunda pregunta era cal foi a cantidade, e o Sr. presidente responde que foron 18.143,19 euros. A terceira pregunta era que se o presidente considera, fóra do carácter da legalidade, se é ética esta petición. O Sr. presidente responde que calquera traballador solicitaría o pago dos trienios, xa que se trata dun dereito, e que se procede conforme cos informes dos servizos técnicos da Deputación. E a cuarta pregunta di: de atoparse o presidente no caso, faría a mesma reclamación que Freire Couto, solicitaría o pago de trienios por parte da Deputación Provincial de Ourense? O Sr. presidente responde que os seus trienios llos aboa a administración autonómica da Xunta de Galicia, polo que non está no mesmo caso. Parécelle perfectamente adecuado que calquera traballador solicite o pago de trienios, porque é un dereito.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que xa que estamos entrando nas curvas cos pes fóra dos estribos, rógalle á Presidencia que lle diga a algún deputado que lle bote Betadine ao calo para que non lle doa cando lle toquen nel. Manifesta que nun dos decretos da Presidencia se acordou tramitar expediente para contratar o servizo de Demoscopia durante o exercicio 2014 co fin de valorar e coñecer as opinións dos cidadáns en asuntos de interese provincial. Pregunta se xa está adxudicado, a quen, e se se vai facer pública na web da Deputación esa enquisa. Roga que se lles achegue aos grupos unha copia das preguntas e dos resultados. Continúa dicindo que na Xunta de Goberno do día de hoxe vai a aprobación das bases de subvencións a clubs deportivos e parécelles que é un tema de suficiente entidade como para que fose coñecido polos diferentes clubs da provincia para que puideran facer achegas. En todo caso sería bo que se levase á comisión de Cultura para a valoración das achegas. Por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

último e con respecto a unha subvención de 75.000 euros á produtora da Esmorga, pregunta se ao Sr. presidente lle ofreceron un *cameo* por tanto diñeiro.

O **Sr. presidente** loa o sentido do humor do Sr. Rodríguez Puga pola última intervención. Indo ao serio, di que en relación coa pregunta de Demoscopia lle fará chegar a el e ao resto dos grupos toda a información da que se dispón. En relación coa convocatoria de subvencións para clubs deportivos, parécelle ben que se fagan achegas pero tiveron tempo suficiente para preocuparse por este tema e telas feito. Trátase dunhas bases totalmente obxectivas e tramitadas consonte coa ordenanza de subvencións (á que votaron en contra), que recolle que un 80% das subvencións seguirán un réxime de concorrencia competitiva.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, rógalle ao Sr. presidente que lle aclare ao Sr. Álvarez Dobaño que a subvención de Ribadavia non é de 120.000 euros da Deputación, porque a Deputación pon 70.000 euros e concello de Ribadavia pon 100.000.

O **Sr. presidente** di que a cantidade á que se referiu o Sr. Álvarez Dobaño é a que figura no expediente, que fala de 120.000 euros para o concello de Ribadavia.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, roga que se lles facilite unha copia dos informes desfavorables aos PXOMs dos concellos de Nogueira de Ramuín, Pontedeiva, A Teixeira e A Veiga que se corresponden cos decretos do 166 ao 169 do mes de decembro.

O **Sr. presidente** responde que lles serán facilitados eses informes.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pregunta cales son as razóns polas que só se estima parcialmente a reclamación do Sr. Freire Couto.

O **Sr. presidente** responde que lle fará chegar o expediente completo que xa lle foi remitido ao Grupo Socialista, no que consta a resolución da estimación parcial da reclamación.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que leu estes días na prensa que se pon en marcha a planta de revalorización de residuos da construción da Baixa Limia. Eles teñan tamén construída unha con fondos europeos rematada alá polo ano 2010, concretamente no núcleo de Morgade, para a zona da Comarca da Limia e gustaríalles saber cando vai entrar en funcionamento esa planta.

O **Sr. presidente** responde que lle pasará o informe da Área de Medio Ambiente tan pronto como o teña.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de febreiro de 2014
--

D. Guillermo Fernández Dopazo, do Grupo Socialista, quere facer un rogo que xa fixo noutro pleno o compañeiro Sr. Gómez Pérez, no que se solicitaba o arranxo da estrada de Berán. Parece ser que si se acercou xente da Deputación para arranxala pero volveu vir abaixo. Solicita de novo o arranxo desta estrada.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo e trasladarallo ao Servizo de Vías e Obras. Lembra que a entidade local de Berán tamén é beneficiaria do plan a partir de 2014.

E, ás 13:40 horas do citado día vinte e oito de febreiro de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,